



XACOBEO 2010
Galicia



Cartas de Amor

15 artistas
contra a violencia de xénero



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE SANIDAD, POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDAD



XUNTA
DE GALICIA

as de corazóns

Nesta exposición veredes moitos xestos da violencia que se invoca no nome do amor. Poida que vos sorprendan e mesmo vos anoxen. Pero seguro que vos ides facer preguntas. Cando nos namoramos experimentamos sensacións extraordinarias. Mesmo nos parece que a vida, sen a persoa que amamos, carece de sentido. Desexamos explorala e descubrir lugares que só o amor nos permite alcanzar. É un gozo conversar, compartir soños e cancións que nos conmocionan. É fermoso, en fin, sermos mellores do que nunca fomos. Porque o amor debe ser esa forza que nos impulse a construírnos sen límites nin imposicións. Con todo, ás veces non é tan doado nin tan marabilloso: a convivencia esixe diálogo. E iso pode doer porque sentimos que non nos aman xusto como nos gustaría. Pode frustrarnos porque non damos acadado as dimensións do noso mundo emocional. Cando nos namoramos queremoslo todo e, daquela, o amor corre o risco de converterse en posesión e anulamos á persoa amada. Tamén podemos caer no medo ó abandono e volvémonos seres dependentes e facilmente manipulables.

Non é doado recoñecer ese primeira imposición da autoridade nunha relación. Cada paso, nese proceso en que o amor se converte en violencia, é moi sutil. Imos aprendendo pouco a pouco a recoñecer o perigo, porque a normalidade volve invisibles eses xestos violentos e mesmo chegamos a xustificalos. Xustificamos os celos, o illamento, a humillación como una mostra de amor. Daquela cómprenos prestar atención e non aceptar que nos limiten, nos agreden e nos obriguen a vivir con medo. E, cando sexa preciso, debemos saber poñerlle final, sen medo á soidade nin ao fracaso. A soidade tamén é un territorio creativo, no que aprendemos a amarnos para despois amar outras persoas. Non nos vai faltar un as de corazóns na batalla da vida. Non importa que sexades mozas ou mozos, nin as vosas eleccións sexuais, nin o tipo de relacións que establezades. Para entender que o amor non é posesión nin imposición de límites, tamén temos que aprender a ser tolerantes e non culpabilizar ós demais das nosas carencias emocionais.

Tócavos cambiar o mundo e canto máis faledes, canto máis compartades a vosa experiencia, canto máis recorrades á tenrura, á sensibilidade, á intelixencia..., máis eficaz será o cambio. A adolescencia non é un tempo de espera nun futuro prometido. É tempo de construción: teredes que cuestionar o aprendido e ás veces mesmo teredes que loitar contra a vosa identidade. Escoitade todas as voces, as propias e as alleas, e ogallá consigades que o amor sexa esa forza que rebenta os límites e nos equilibra nos afectos. Déixovos o amor nas vosas mans.

anxos sumai



A Secretaría Xeral da Igualdade traballa a favor da eliminación da violencia de xénero, o cal implica unha importante actividade na sensibilización da sociedade en xeral e na educación das xeracións máis novas en valores como a igualdade entre mulleres e homes ou o rexeitamento aos comportamentos violentos.

Nos últimos anos detéctanse moitos casos de relacións de parellas entre adolescentes cunha forte carga de violencia verbal e incluso física. Na busca de solucións preventivas e co obxectivo de atallar este problema, a Secretaría Xeral da Igualdade puxo en marcha unha serie de accións encamiñadas a facer reflexionar aos e ás adolescentes sobre a existencia de violencia nos seus modos de relacionarse.

Con esta exposición, **Cartas de Amor**, pretendemos establecer un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella, e a crueldade que, ás veces, vai asociada a elas. Para isto, propuxémoslle a debuxantes que plasmasen nunha imaxe situacións ou momentos que considerasen como violentos entre adolescentes, co obxectivo de por de manifesto a necesidade de mudar esas actitudes por outras nas que prime o respecto á parella. Deste xeito, aquí están os traballos dos dous premios nacionais de ilustración, Miguel Calatayud, e de cómic, Paco Roca, no ano 2009; así como figuras galegas, como Patricia Castelao, Pirusca, David Pintor e Óscar Villán. Tamén participan autoras e autores que están acadando grande éxito entre a xente máis nova, como Eva Vázquez, Javier Olivares, Primitivo, Sonia Pulido, Jack Mircala ou Sergi San Julián. Ademais o escultor Méndez, a escritora Anxos Sumai e o deseñador Fausto, únense a esta mostra con tres achegas diferentes.

Queremos agradecerlles o labor desenvolvido ao mostrar de xeito tan claro e persoal o que as **Cartas de Amor** non deben ser. Invitámosvos con esta mostra a reflexionar, a escoitar o que os corazóns din, pero sempre pensando tamén no respecto e na liberdade das persoas que están ao noso carón.

marta gonzález vázquez

Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia